

Abren as Casa da Mocidade de Santa Cruz e As Pedras

Páxina 8



Concello de  Oleiros

Máis de 5 millóns en novas obras e servizos

Páxina 4

Vivir en Oleiros

Número 67
Outubro 2020
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

A inspección de educación vulnera as normas democráticas



1,3 millóns para a renovación do alumado público

Páxina 7

Adxudicada por 9,8 millóns a obra do túnel de Sol y Mar

Páxina 5

O pobo de Oleiros loita contra o cese forzoso da directora do Colexio Luis Seoane

■ Ante o grave incidente acontecido no transporte escolar cun neno, a inspección de educación obrigou a dimitir á directora do centro empregando métodos antidemocráticos. Ante tal inxustiza e atropelo, culpando á directora duns feitos sucedidos fóra do recinto escolar, todo o pobo de Oleiros continuará en pé de guerra ata que María Ruiz sexa restituída no seu cargo. Trátase dunha docente exemplar e comprometida, que realiza unha magnífica labor como directora e que conta co recoñecemento e admiración de toda a comunidade educativa polo seu traballo.

XXXI Feira do mel, 8 de novembro na polideportiva de Perillo

Páxina 19

Seguen á venda 24 parcelas municipais para vivendas unifamiliares e pisos

O Concello ten á venda neste momento dous tipos de solos. Por un lado hai parcelas dirixidas a promotores ou agrupacións de persoas para a construción de pisos libres e de protección. Ademais existen parcelas para a construción de vivendas unifamiliares.

Páxinas 12 e 13

Como saber onde está todo en **Oleiros**

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Oleiros sempre adiante

Despois dos momentos tan complicados e angustiosos que pasamos por culpa do maldito virus, aínda seguimos a movernos nun mar de incertezas. Ademais dos riscos sanitarios, xa se están dando graves consecuencias económicas e sociais que poden agudizarse nos próximos meses. Por iso, non baixaremos a garda nin por un instante.

Desde un primeiro momento combatimos, dentro das nosas posibilidades e competencias, esta situación tan adversa con dúas premisas básicas: volcarnos coas políticas sociais e non paralizar o municipio. Preservando a

saúde dos cidadáns, estamos a traballar arreo para que a vida do Concello e dos cidadáns siga.

Mentres outras administracións continúan pechadas, o Concello de Oleiros ten abertas as súas portas desde maio; mantivemos practicamente toda a programación cultural; imos axudar cunhas subvencións aos autónomos; colaboramos cos centros de ensino na volta ás aulas, para garantir a seguridade dos nosos nenos e nenas; seguimos a atender ás persoas maiores, dependentes e a todas aquelas familias que se atopan con graves dificultades económicas...

Tamén renunciámos a adoptar medidas ridículas e absurdas, que foron infrutíferas alí onde as aplicaron. Nós sempre apostaremos pola concienciación e a responsabilidade da cidadanía e nunca pola imposición nin polo control policial. E por certo, o noso modelo urbanístico que impide grandes densidades de poboación, foi o mellor parapeto contra a propagación do virus. Concellos limítrofes con aberrantes acumulacións de grandes edificios en áreas moi reducidas duplicaron e triplicaron o número de positivos de Oleiros.

Para continuar dinamizando o noso concello, para recuperarnos o antes posible desta situación e para que ninguén quede polo camiño, antes de que remate o ano aprobaremos o orzamento municipal para o ano 2021. Coas aportacións das entidades veciñais, pretendemos redobrar a nosa aposta pola convivencia, as políticas sociais, a cultura e o deporte; así como polo memento da calidade dos servizos e infraestruturas públicas. O covid non pode ser a excusa para paralizalo todo. Haberá que protexerse, haberá que adaptarse, pero nunca pararse. Oleiros sempre adiante!



Partido Popular de Oleiros

Inminente o dragado da Ría do Burgo e comezo das obras del Sol y Mar

A moción presentada polo PP pedindo a inmediata licitación da obra do Dragado da Ría foi aprobada co voto a favor de Alternativa dos Veciños no último pleno. Para o Partido Popular de Oleiros é unha enorme satisfacción que dúas obras tan importantes contempladas nos presupostos Xerais do Estado, estando o Partido Popular no Goberno da Nación,

están próximas a dar comezo. Despois dunha década de inversións en saneamento por parte da Xunta de Galicia a través dos Concellos costeiros que ascenderon a máis de 100.000.000 euros, o saneamento da ría quedaría completado con esta obra de dragado para a que, os últimos presupostos xerais deixaron consignada a partida correspondente.

No último pleno municipal, co apoio de Alternativa dos Veciños, o Partido Popular conseguiu que se aprobara unha moción pedindo a inmediata licitación da obra do dragado por parte do Goberno da Nación.

Algo parecido acontece coa obra que, no cruce de Sol Y Mar, no acceso á Nacional VI, cuxa financiamento corre, igualmente,

a cargo dos últimos Presupostos do Estado aprobados polo Partido Popular. Deita actuación contribuirá dunha maneira moi eficaz á fluidez do tráfico que vindo de Oleiros, pola carreteira que de Sada-Oleiros, desemboca en dita vía, aliviando, á vez, as retencións da NVI na súa desembocadura na Ponte Pasaxe.



Grupo Municipal Socialista

Coa saúde dos veciños non se xoga

Este verán púxose de manifesto a caótica realidade do sistema de atención primaria en Oleiros, nun contexto xeral fortemente marcado por la pandemia COVID-19, e polo previsible aumento da poboación e demanda de servizos sanitarios nos meses de xullo e agosto, coma tódolos veráns. As carencias

estructurais de recursos humanos e medios materiais que sofren os catro centros de saúde, consecuencia de moitos anos de políticas de recorte sanitario da Xunta, e a falla de previsión e planificación que os caracteriza, evidenciáronse no feito de que no máis agudo da segunda ola da pandemia, os oleiren-

ses únicamente dispuxéramos de oito médicos para atender as necesidades sanitarias dunha poboación que no estío supera os sesenta mil habitantes, colapsando consecuentemente os servizos de urxencias, en detrimento da saúde dos pacientes crónicos e de aqueles que precisan unha atención inmediata.

Coa nosa saúde non se xoga, e por iso esiximos ó goberno da Xunta unha atención sanitaria de calidade e acorde coas necesidades dos nosos veciños, que pagan relixiosa e puntualmente os tributos legalmente establecidos. Os cidadáns cumpren a súa parte, á Xunta aínda estamos agardándoa.



Bloque Nacionalista Galego

Unha voz reforzada ao servizo do noso pobo

O pasado 24 de setembro o pleno do Concello de Oleiros aprobaba unha moción do BNG destinada a solicitar da Xunta unha serie de medidas para mellorar a seguridade no inicio do curso escolar. A improvisación da Consellaría de Educación, ben como a súa cicatería á hora de asignar recursos suficientes para garantir un ensino de calidade, non é unha novidade, como sabe moi ben a comunidade educativa de Oleiros. Manter esa improvisación, eses recortes, ese abandono, no actual momento, marca-

do pola COVID-19 e a necesidade de asegurar unha volta segura ás aulas, converteuse nunha auténtica irresponsabilidade.

O Bloque comprométese a utilizar a súa reforzada presenza no Parlamento de Galicia após as eleccións autonómicas do pasado 12 de xullo para ser voz de quen o precise: hoxe das comunidades escolares da Rabadeira, o Luís Seoane, o Parga Pondal, o Juana de Vega, o Valle-Inclán... Mañá de todo aquel colectivo ou veciño que o poida precisar.



Ciudadanos

Desde o grupo municipal de Ciudadanos, queremos realizar un chamamento a todos os grupos políticos do Concello de Oleiros, co fin de esquecer as siglas e traballar en equipo de cara a superar as conse-

cuencias da pandemia que sufrimos, creando unha comisión de seguimento composta por todos os grupos municipais, xa que todos podemos aportar ideas en beneficio dos cidadáns de Oleiros.

EDITORIAL • Na defensa da dignidade

◆ Vivimos nun estado democrático e de dereito desde 1978. Así o referenda a Constitución. Mais ao longo de todos estes anos asistimos a gravísimos ataques aos principios máis básicos e elementais do sistema democrático en practicamente todas as administracións e institucións públicas: politización da xustiza, financiamento ilegal de partidos, GAL, saqueo do rei *demérito*, policía política, corrupción xeralizada,...

Tamén aquí, no noso municipio, acabamos de vivir uns feitos gravísimos, propios de escuros tempos pasados. A inspectora de educación da zona, nun alarde de despotismo inusitado, vulnerou todas as normas democráticas e constitucionais para desprestixiar a profesionalidade dunha docente exemplar, admirada e respectada por toda a comunidade educativa: a directora do Colexio Luís Seoane.

O método empregado foi o propio doutros tempos e doutros réximes que todos e todas rexeitamos. Sen previo aviso, a inspectora citouna noutro centro escolar. Estando as dúas soas nunha habitación obrigouna, baixo coaccións, a escribir a súa dimisión, sen permitirlle explicarse.

Os gravísimos feitos acontecidos cun neno de 4 anos no transporte escolar do colexio de Canide teñen un único responsable: a compañía de transporte que ten contratada a Xunta de Galicia (que por certo, deixou patente tamén que non desinfecta o autobús entre viaxes). Pero en ningún caso, por ter acontecido fóra

do recinto escolar, nin a directora nin o equipo directivo teñen responsabilidade algunha. Máis ben todo o contrario, pois á marxe das súas obrigas, tan pronto como coñeceron o caso, volcouse na atención do neno e da súa familia, para posteriormente informar a inspección nun prazo de 24 horas.

Como non podía ser doutra maneira, o pobo de Oleiros non vai consentir este grave atropelo contra o funcionamento democrático das institucións públicas. As ameazas, o abuso de poder, a vexación e as actitudes ditatoriais da inspectora non as imos tolerar. A ANPA, o alumnado, o profesorado, as entidades veciñais, o Goberno municipal e numerosos veciños e veciñas amosaron durante estes días o seu total apoio á directora do centro e o rexeitamento ás prácticas desfasadas e trasnoitadas da inspección educativa.

O noso ensino público precisa de moitas mulleres como a directora do Luis Seoane. Profesionais exemplares que ante todo teñan vocación, xa que desempeñan unha das funcións máis importantes na nosa sociedade. Porque para construír un mundo de cidadáns libres e críticos fan falta docentes comprometidos, non asalariados adormecidos.

O Concello de Oleiros vai trasladar estes gravísimos feitos á Fiscalía ao considerar que poden existir supostos delitos de coaccións, prevaricación, abuso de poder, vexación, ameazas e outras causas posibles que están a estudar os servizos xurídicos municipais.



O pleno aproba máis de 5 millóns en obras e servizos con cargo aos remanentes afectados pola Lei Montoro

◆ Cos votos favorables de Alternativa dos Veciños, BNG e Ciudadanos, o pleno municipal aprobou o pasado 12 de agosto unha modificación de crédito por valor de máis de 5,4 millóns de euros que serán destinados a diversos servizos municipais e obras públicas contempladas no orzamento para o 2020, que ían financiarse coa venda de solo propiedade do Concello pero que dada a situación provocada polo COVID-19 non se vendeu.


■ Remanentes non incorporados:	889.204,00 euros
■ Expropiacións para o paseo fluvial do rego de San Pedro:	800.000,00 euros
■ Acondicionamento do contorno das antigas vivendas encravadas no Parque As Trece Rosas:	378.289,35 euros
■ Acondicionamento das beirarrúas da urbanización Os Regos:	275.685,32 euros
■ Renovación da rede xeral de abastecemento de auga na rúa do Mar:	261.049,00 euros
■ Pavimentación da rúa Manuel Murguía:	221.725,12 euros
■ Incrementos de obras en execución:	205.262,09 euros
■ Mantementos varios no Castelo de Santa Cruz:	197.834,60 euros
■ Acondicionamento da calzada da avenida Valle Inclán:	187.916,62 euros
■ Acondicionamento nas cabalerizas do Pazo de Lóngora:	180.177,57 euros
■ Renovación da rede de abastecemento de auga na avenida das Mariñas, entre a ponte da Pasaxe e Rialeda:	163.742,05 euros
■ Humanización e rehabilitación dos lavatorios de Coroto e Canide:	134.387,13 euros
■ Construción local xerador edificios municipais:	132.916,51 euros
■ Subministro e instalación de novas marquesiñas:	121.554,76 euros
■ Mellora da zona de xogos infantís do Parque José Martí:	119.754,50 euros
■ Actuacións de mellora na Casa Etcheverry:	108.405,04 euros
■ Control de calidade dos investimentos financeiramente sostibles:	91.808,87 euros
■ Mantemento e mellora nos parque infantís de Montrove, Os Regos, Mesón da Auga e Beiramar:	81.278,12 euros
■ Remodelación do Local social de Río da Loba:	80.416,37 euros
■ Rede de saneamento na rúa Benito Vicetto:	76.331,71 euros
■ Rede de saneamento na zona da rotonda das Pedreiras (fase 1):	65.493,35 euros
■ Rede de saneamento e abastecemento nas rúas As Covas e Santo Domingo:	65.244,63 euros
■ Reposición de sinais verticais en diversos puntos do concello:	48.385,83 euros
■ Renovación da cuberta da Escola infantil da Canteira:	48.335,87 euros
■ Pavimentación do camiño de conexión da rúa Cabaleiros coa rúa Seara:	43.035,74 euros
■ Mellora das instalacións exteriores da Biblioteca Rialeda:	35.946,66 euros
■ Coordinación de seguridade e saúde das obras públicas municipais:	34.778,60 euros
■ Reparación dos muros e gradas do paseo marítimo de Santa Cristina:	26.009,20 euros
■ Rede de saneamento na rúa da Chave:	24.179,43 euros
■ Habilitación de novas prazas de aparcamento fronte ao CEIP Juana de Vega de Nós:	18.693,80 euros
■ Renovación da cuberta do Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo:	17.787,00 euros
■ Mellora da seguridade do alumeado público do paseo marítimo de Santa Cruz:	9.158,95 euros
■ Substitución de pavimento na terraza acristalada da Fábrica:	4.688,31 euros

Adxudicada a obra do túnel e da glorieta en Sol y Mar por 9,8 millóns de euros



◆ Despois de anos de loita do Goberno municipal para lograr que o Ministerio de Fomento realizara a obra de mellora do cruce de Sol y Mar, na N-VI ao seu paso por Perillo, foi adxudicada definitivamente por importe de 9.813.642,04 euros. Os traballos comezarán antes de final de ano.

A contratación a reurbanización da rúa do Souto



◆ A obra de ampliación e creación de beirarrúas na rúa do Souto atópase en fase de licitación por importe de 770.00 euros. Esta actuación vai desde As Torres de Santa Cruz ata o inicio da rúa da Ferrala.

A obra está promovida polo Concello, que acadou a cesión gratuita do solo necesario por parte dos veciños colindantes e da Xunta de Galicia, que tamén tiña afectada unha parcela. A Deputación da Coruña financia esta actuación na súa totalidade por tratarse dunha estrada da súa titularidade.

Nova rotonda e finalización das beirarrúas en Arillo



◆ O Concello de Oleiros e a Consellería de Infraestruturas asinaron un convenio para a realización da última fase do carril bici e das beirarrúas na estrada que vai de Santa Cruz a Mera. O espazo que se vai ampliar e ordenar, que inclúe tamén a creación dunha rotonda, parte desde onde rematan as beirarrúas no Pazo de Arillo ata a confluencia co camiño que vai ao cemiterio de Maianca.

O Concello redactou o proxecto para a realización desta obra e conseguiu o solo necesario, preto de 1652,65 metros cadrados que cederon os propietarios lindantes. O convenio estipula que a Consellería financiará o 90% do custo das obras e o Concello o 10%.

Novo parque infantil en Perillo ▶

◆ O Concello investiu 126.686 euros na creación desta nova zona de xogos. Situado no parque da Barreira, substitúe ao que se atopaba xunto á polideportiva da avenida da II República, que estaba nunha zona moi sombría.



Finaliza a remodelación do ▶ pavillón da Rabadeira

◆ Concluíron as obras no pavillón da Rabadeira que permiten dispoñer dun novo acceso desde o exterior sen pasar polo colexio, dun amplo ximnasio e de novos vestiarios.



Continúa en marcha a obra do novo campo municipal de fútbol ▼



◆ A construción do campo de fútbol municipal que se está a construír en Mera segue a bo ritmo. Esta primeira fase do proxecto ten un custo de 939.011,50 euros.

Segue avanzando a pista de patinaxe en Bastiagueiro ▼




◆ A pista de patinaxe de velocidade que se está a crear en Bastiagueiro continúa en execución. Está previsto que os traballos rematen antes de final de ano.

Renovación do alumeadado público en 32 urbanizacións, núcleos e rúas ▼

◆ O Goberno municipal inviste 1,3 millóns de euros, procedentes de fondos europeos, na mellora da eficiencia enerxética do alumeadado público. En total serán renovados 2.216 puntos de luz por novas luminarias led, que permiten rebaixar o consumo eléctrico, incrementan a iluminación e reducen a contaminación lumínica.

- Urbanización A Granxa
- Urbanización Rialta
- Urbanización Pazo de Arenaza
- Polígono de Iñás
- Urbanización Lamastelle
- Urbanización O Seixo
- O Graxal
- Urbanización Toxeiras
- Paseo Marítimo de Santa Cruz
- Urbanización Os Regos
- Parque Luís Seoane
- Rúa Viñas de Babilonia
- Rúa Garrucha
- Urbanización Pía de Maianca
- Urbanización Canide
- Urbanización O Pinar
- Urbanización Mesón da Auga
- Urbanización Xardín de Nós
- Praza da Liberdade
- Rúa Salvador Allende
- Praza da Liberdade
- Urbanización As Torres
- Urbanización Fonte de Ouro
- Urbanización As Pardelas
- Instituto Neira Vilas
- Rúa Miradoiro
- Rúa dos Destellos
- Rúa da Piscina
- Avenida Valle Inclán
- Rúa Roberto Vidal Bolaño
- Urbanización Icaria
- Urbanización O Xunqueiro



Posible ampliación do alcantarillado en Nós, Dorneda e Oleiros

◆ O Goberno municipal convocará asembleas informativas cos veciños e veciñas da rúa das Covas e da rúa da Chave en Dorneda, da rúa Benito Vicetto en Nós e da zona das Pedreiras en Oleiros. As vivendas destes lugares serían dotadas da rede de saneamento, sempre e cando os propietarios (igual que fixeron os veciños dos demais núcleos do municipio ao longo dos anos) asuman o 50% do custo das obras a realizar. Todos estas actuacións ascenden a 462.481 euros.


Máis alternativas de ocio para a xuventude nas novas Casas da Mocidade ▼



◆ Nos próximos días abrirán as súas portas dúas novas Casas da Mocidade, totalmente equipadas, concibidas para conformar novas alternativas para o ocio e o lecer da mocidade de todo o municipio. Estarán abertas para mozos e mozas, de luns a sábado en horario de tarde.

O Concello contratou unha empresa por 2 anos e por importe de 209.330 euros para que realice a dinamización dos centros informar e fomentar a participación e promoción social e cultural da mocidade. Tamén se creará un punto de información xuvenil en cada recinto.

Estas actividades desenvolveranse no centro Portaberta de Santa Cruz, na rúa Daniel Castelao, e na Escola das Pedras, onde se atopaba a antiga sede do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil, na estrada que vai de Perillo a Montrove. En ambos casos, as instalacións foron reformadas e adaptadas.



ASÍ SI!



Coida ao teu can e evita multas

O Concello presiona a R para que cumpra o contrato de instalación de fibra que subvenciona o Estado ▼

◆ A compañía de telecomunicacións R, que dispoñía dun contrato outorgado polo Estado para instalar fibra óptica en 16 núcleos do Concello de Oleiros, comprometeuse a finalizar o proxecto antes de que remate este ano. O prazo para executar o despregamento finalizaba en 2019, pero a día de hoxe, zonas contempladas nesa subvención como Maianca, Aguieira, A Xesta e Breixo carecen do servizo.

Requirida polo Concello, a empresa escusouse en que dependía do uso dos postes doutra empresa de telecomunicacións. Sobre as rúas que formando parte dos núcleos nos que xa se realizou a instalación e que non dispoñen do servizo, R tamén se comprometeu a estudar posibles solucións.

O Concello tamén se dirixiu ao Ministerio de Transformación Dixital para que se lle obrigue á empresa a completar o proxecto e que de non ser así proceda a sancionar á compañía e non lle outorgue novas subvencións nin contratos.

A outra empresa que está subvencionada para instalar fibra óptica no municipio é Telefónica. Ten o compromiso, segundo o contrato, de subministrar o servizo nas zonas da Veiga e O Valiño en Nós, Aba, Dexo, Viñas de Babilonia en Santa Cruz e A Lagoa de Mera antes de que acabe o presente ano. Esta empresa tamén está subvencionada para levar a fibra no 2021 a Subiña, O Bosque, Cobo, O Rabuñeiro, Fornos e Canabal.



Os principais edificios municipais xa contan con wifi de acceso público ▼



◆ Completouse a instalación dun novo servizo wifi público na Casa do Concello, no edificio de Obras Públicas, Facenda Municipal, Biblioteca Rialada, A Fábrica, Centro Municipal de Formación, Policía Local, Servizos Sociais e Casa Charry. Calquera cidadán poderá conectarse á rede a través dos seus dispositivos electrónicos mediante un sinxelo sistema de autentificación. O Concello de Oleiros desenvolveu este proxecto con fondos europeos procedentes do programa Wifi4EU.

O Goberno municipal reclama a apertura dos rexistros presenciais en todas as administracións



◆ Máis de 5 meses despois de ter finalizado o confinamento, a inmensa maioría dos rexistros presenciais das administracións públicas están abertos, no mellor dos casos, unicamente mediante cita previa. Esta situación está a provocar que cidadáns doutros municipios acudan de maneira masiva a Oleiros para resolver trámites, presentar solicitudes, realizar instancias... para as que non dispoñen de cita para cumprir cos prazos estipulados.

O colapso do rexistro municipal, no que se permite atención presencial sen cita previa, provoca que os veciños e veciñas de Oleiros vexan mermada a calidade do servizo. Por iso, o Goberno municipal está a reclamar que os traballadores públicos de todas as administracións se reincorporen aos seus postos de traballo para cumprir coas súas obrigas de servir aos cidadáns.

INCÍVICOS

en Oleiros NON!

SANCIÓN MÍNIMA: 3.000€



As Trece Rosas, outro pulmón verde público



◆ Centos de persoas participaron o pasado 13 de xuño na inauguración do Parque natural As Trece Rosas, onde se honra de maneira permanente a memoria destas trece mulleres asasinadas polo réxime franquista por defender a liberdade, a democracia, a república e os dereitos dos traballadores e traballadoras.

Para a creación deste fermoso espazo natural de 128.000 metros cadrados que ocupa toda a franxa costeira desde Santa Cruz ata Bastiagueiro, o Concello de Oleiros investiu máis de 1,5 millóns de euros.

DEMOLICIÓN DAS VIVENDAS ►

Tal e como estaba previsto por parte do Concello, unha vez adquirida a propiedade das vivendas que se atopaban dentro do parque sobre a praia de Bastiagueiro Pequeno, procedeuse á demolición de dúas das tres edificacións. A terceira das casas será destinada a servizos públicos comunitarios do parque. O solo que ocupaban, uns 5.000 metros, pasará a integrarse dentro do parque, formando un fermoso miradoiro.



Os terreos de Casa Carnicero pasarán a ser parque público ►

◆ O Concello está punto de asinar o convenio de cesión da parcela que ocupaba Casa Carnicero cos seus propietarios. Este inmoble, pegado á ponte da Pasaxe, estivo recentemente afectado por un incendio que o destruíu na súa totalidade.

Proximamente, procederase á demolición dos restos existentes. A parcela pasará a integrarse no parque público que se ordenará coa realización da urbanización que se executará nesa zona.

Casa Carnicero estaba protexida e catalogada polo Plan Xeral como edificio singular, pero o lume arrasou este importante patrimonio histórico e arquitectónico.



Contra o Covid-19, máis cooperación internacional ▶

◆ Na loita contra as desigualdades, agravadas nos últimos meses por mor da crise sanitaria, o papel dos municipios é chave, a nivel local e global. De aí que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, do que o Concello de Oleiros é socio fundador, veña de destinar algo máis de 100.000 euros a frear a expansión do coronavirus e as súas nefastas consecuencias na África lusófona.

● Mozambique

Puxéronse en marcha varias liñas de acción, entre as que destaca o proxecto coa Fundação Encontro, con 30.000 euros, para reducir a vulnerabilidade de nenos e nenas menores de seis anos a través do acceso á educación e a saúde. A través da Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos apórtanse 18.126 euros para facerse con diversos produtos para combater o coronavirus. Tamén se investirán 10.726 euros na adquisición de equipamentos informáticos para 14 concellos. Así mesmo, continuarase apoiando a reconstrución do municipio de Nhamatanda, que o ano pasado resultou gravemente afectado polo ciclón Idai. Dedicaranse 20.000 euros a construír un sistema de abastecemento de auga e outros 15.000 euros á expansión da rede eléctrica e a iluminación pública.



● Guinea-Bissau

Estase a traballar co Goberno Rexional de Cacheu, ao que se asignou unha partida de emerxencia de 15.000 euros, para sensibilizar sobre o perigo do Covid-19 e as medidas de precaución que se deben tomar e entregáronse máscaras, xel hidroalcohólico, xabón e lixivia. Ademais, distribuíronse alimentos entre as familias máis prexudicadas pola situación.

Rafael Astor Casallerrey é nomeado fillo adoptivo do Concello de Oleiros ▼



◆ O pleno do Concello, a proposta do Goberno municipal, acordou nomear fillo adoptivo de Oleiros a Rafael Astor Casallerrey. Este é un recoñemento ao seu traballo, dedicación e contribución persoal a prol deste municipio, que excede das obrigas propias do seu cargo de enxeñeiro municipal.

Grazas ás súas moitas intervencións no termo municipal contribuíu á construción deste municipio distinto. A súa honradez á fronte da área de Obras Públicas municipais, fan de Rafael Astor un digno merecedor do título de fillo adoptivo do Concello de Oleiros.

Galicia homenaxea a Isaac Díaz Pardo cunha mostra-memorial permanente no Castelo de Santa Cruz ▼



◆ O Concello creou no Castelo de Santa Cruz un museo-memorial para ensalzar a figura e a obra de Isaac Díaz Pardo. Trátase dun conxunto de obras artísticas que constitúen unha homenaxe permanente a unha das figuras máis destacadas da historia da cultura galega.

Baixo a denominación Ensembleisaac, a mostra inclúe unha escultura construída e deseñada en base a pezas ensambladas dos oleiros e ceramistas galegos máis relevantes creada por Paco Díaz; obras literarias, pictóricas, fotográficas e musicais que fan referencia á figura de Díaz Pardo e un libro que recolle todos os materiais da exposición.

O acto de inauguración, que non puido ser multitudinario pola situación sanitaria, contou coa participación de importantes personalidades da política, da cultura e das letras do país.

O Concello ten á venda parcelas para a construción de vivendas libres e protexidas

■ A xestión do solo das novas urbanizacións que se crean por todo o municipio permite que o Concello dispoña de parcelas á venda, adquiridas gratuitamente, para financiar obras e servizos públicos. En todos os casos están dotadas de todos os servizos e dependendo da súa cualificación permiten a construción de vivendas unifamiliares -illadas ou pareadas- ou plurifamiliares -libres e protexidas-.

As persoas ou empresas interesadas en adquirir algunha destas parcelas deben dirixirse á Secretaría Xeral do Concello.

• PARCELAS DIRIXIDAS A PROMOTORES OU AGRUPACIÓNS DE PERSOAS PARA A CONSTRUCIÓN DE PISOS LIBRES E DE PROTECCIÓN ▼

HAZ, DORNEDA ▼



■ Parcela para a construción de 28 vivendas de prezo de venda libre por importe de 1.564.808,78 euros (IVE incluído). (1)

■ Parcela proindiviso do 42,76% para a construción de 22 vivendas de protección (das cales 9,4 se farían na parte correspondente ao Concello) por importe de 318.943,50 euros (IVE incluído). (2)

■ Parcela proindiviso do 44,87% para a construción de 9 vivendas de prezo de venda libre por importe de 501.521,21 euros (IVE incluído). (3)

CIVIDANES, MERA ▼



■ Parcela para a construción de 19 vivendas de protección por importe de 666.260,47 euros (IVE incluído). (1)

■ Parcela para a construción de 15 vivendas de prezo de venda libre por importe de 888.582,69 euros (IVE incluído). (2)

A RABADEIRA, OLEIROS ▼



■ Parcela para a construción de 8 vivendas de protección por importe de 252.247,72 euros (IVE incluído). (1)

■ Parcela para a construción de 14 vivendas de prezo de venda libre por importe de 547.498,39 euros (IVE incluído). (2)


AS VIÑAS, PERILLO ▼



■ Parcela para a construción de 10 vivendas de protección por importe de 735.296,56 euros (IVE incluído).

• PARCELAS DIRIXIDAS A PROMOTORES OU PERSOAS PARTICULARES PARA A CONSTRUCIÓN DE VIVENDAS UNIFAMILIARES ▼

HAZ, DORNEDA ▼



■ Venda de 11 parcelas, dunha media de 615 metros cadrados, para construción de vivendas unifamiliares (1 illada ou 2 pareadas) por importe de 182.095,31 euros (ive incluído).

As parcelas están situadas en lugares inmejorables do municipio

CANIDE, MERA ▼



■ Venda de 3 parcelas, dunha media de 300 metros cadrados, para construción de vivendas unifamiliares pareadas por importes de 83.483,65; 89.053,18 e 97.843,29 euros (ive incluído).

OBELISCO, OLEIROS ▼



■ Venda dunha parcela de 1.000 metros cadrados para a construción de 5 vivendas unifamiliares adosadas por importe de 279.643,48 euros (ive incluído).

ARENAZA, IÑÁS ▼



■ Venda dunha parcela de 537 metros cadrados para a construción dunha vivenda unifamiliar illada por importe de 113.296,31 euros (ive incluído).

Proximamente, o Concello tamén ten previsto sacar á venda unha parcela para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Carballo por importe de 129.477,57 euros (ive incluído).

Axudas económicas para autónomos e traballadores por conta propia ▼



◆ A través do Plan de Emprego Provincial, promovido pola Deputación da Coruña e os concellos, pequenas empresas, autónomos e traballadores individuais do municipio poderán optar a axudas de entre 1.500 e 3.000 euros. En total repartiranse 585.000 euros para gastos correntes das empresas afectadas pola crise sanitaria, dos que o Concello de Oleiros aporta 117.000 euros.

As persoas beneficiarias destas axudas serán as persoas traballadoras autónomas e microempresas que se viron afectadas polo peche provocado pola declaración do estado de alarma, así como aqueles que aínda que non tiveran que pechar viron reducida a súa facturación ou se viron obrigados a acollerse a un ERTE. O importe das axudas determinarase en función do número de traballadores afectados.

Nos vindeiros días, publicaranse as bases da convocatoria na web municipal. Tamén se abrirá próximamente o prazo para a presentación de solicitudes, que se tramitarán no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo. Alí tamén se informará ás persoas interesadas sobre a documentación que deberán presentar para poder acceder ás subvencións.

As empresas que contraten alumnado do Obradoiro da Finca Tenreiro recibirán unha subvención de 1.500 euros



◆ O obradoiro de acondicionamento da Finca Tenreiro está a formar 20 veciños e veciñas de Oleiros que se atopaban en situación de desemprego nos oficios de carpintería e albanería. Aquelas empresas que contraten algunhas destas persoas van recibir unha subvención de 1.500 euros.

Con esta axuda preténdese facilitar o primeiro contrato de traballo do alumnado e incentivar que as empresas opten por persoal cualificado. O obradoiro finalizará o vindeiro 24 de novembro.

As empresas interesadas nestas subvencións deben dirixirse ao Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, situado nos Regos. O teléfono de contacto é o 981631706. O prazo para solicitar esta subvención finaliza o próximo 23 de outubro.

CONTRA O RACISMO

POLA DIVERSIDADE ▶



As persoas maiores de 60 recuperan a convivencia nas actividades municipais



◆ Con protocolos que ofrecen seguridade, coa creación de máis grupos para non coincidir máis de 10 participantes, as persoas maiores están a participar desde comezos de setembro nas actividades de envellecemento activo e 60+. Ademais tamén se están a realizar rutas de sendeirismo polo municipio para continuar coñecendo a historia e a natureza de Oleiros.

Estes programas municipais son moi importantes para mellorar a calidade de vida das persoas maiores, para o mantemento dunha vida activa e plena. As persoas interesadas en participar debe dirixirse ao **departamento de Servizos Sociais e Igualdade** ou chamar ao **981 610 000**.

NOVOS CURSOS DE ALFABETIZACIÓN DIXITAL

O 19 de outubro abre o prazo de inscrición para os cursos de manexo de móbiles e informática para persoas maiores. Impartiranse no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo e abrangerán distintos campos das novas tecnoloxías.

A Porta Violeta segue aberta con máis actividades ▼

◆ O programa municipal de actividades dirixido ao benestar físico e emocional desde unha perspectiva de xénero está en marcha. O *Obradoiro do Corpo* está a desenvolverse na polideportiva cuberta de Perillo e o *Obradoiro Cabaré e Un Pracer Coñecerme* no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo.

Tamén comeza este mes *Móvete+*, unha actividade física adaptada para mulleres que se atopan nun proceso oncolóxico ou que xa o pasaron. As persoas interesadas en participar debe dirixirse ao departamento de Servizos Sociais e Igualdade ou chamar ao 981610000.



Familias Inquedas continuará axudando na educación dos menores

◆ O Concello vai seguir apoiando ás familias na adquisición de novas ferramentas para a educación dos menores mediante charlas e formacións. Pretendese así dar coñecer as claves para unha educación consciente, respetuosa, empática, que fomente a autonomía e a capacitación dos menores e que teña en conta as súas emocións.

O venres 16 de outubro, ás 19:30 horas na Fábrica, está prevista a presentación coloquio do libro *Educa Bonito* pola súa autora, María Soto, veciña de Oleiros e unha das referencias a nivel nacional na metodoloxía da Disciplina Positiva. Posteriormente van realizarse dúas formacións en liña, a primeira dirixida a familias con menores en educación infantil e primaria e a segunda para pais e nais con fillos e fillas de entre 11 e 18 anos. Todas estas actividades son gratuítas e as inscricións poden realizarse a través da web municipal.



GRAZAS
pola vosa
SOLIDARIEDADE

Toni Ripoll, campión de España de vela en dúas categorías ▶

◆ O veciño dos Regos Toni Ripoll González, xunto co seu compañeiro Jacobo García, proclamouse campión de España de vela en clase 420 nas categorías SUB-19 e absoluta. Este novo éxito confirma ao oleirense como un dos mellores regatistas españois do momento.



Andrés Prieto e o AdFogar triunfan no campionato de España de triatlón



◆ Andrés Prieto conseguiu a medalla de prata no Campionato de España de Triatlón en categoría cadete. Ademais dese extraordinario éxito individual, Andrés Prieto, xunto cos seus compañeiros tamén oleirenses David Aancho e Álvaro Elizalde obtiveron a medalla de bronce por equipos.

Os deportistas oleirenses acadan 15 medallas no Campionato de España de Salvamento e Socorrismo

◆ En categoría infantil Brais Cardezo, de Dorneda, acadou unha medalla de prata; en cadetes Iago Pérez, de Iñás, dous bronzes; en júnior Jaime Ares, de Bastiaqueiro, conseguiu unha prata e tres bronzes; e en categoría máster, Jaime Ares (pai do anterior) logrou un ouro e dúas pratas, e Jorge Manzanares, de Santa Cruz, sumou un ouro, dúas pratas e dous bronzes.



Perillo logra o ascenso á Liga A ▶

◆ A traíneira masculina do Club Regatas de Perillo realizou unha extraordinaria tempada na Liga Galega de Traíneiras e conseguiu o ascenso á máxima categoría do remo galego. Compartirán categoría coa outra embarcación oleirense, a do Mariñeiro de Mera, que seguirá un ano máis remando entre os mellores. Na liga feminina, Perillo tamén rendeu a un grandísimo nivel ocupando a terceira praza na clasificación xeral final.



Retómanse os programas deportivos municipais

■ *Agás que a situación mude nos vindeiros meses, está previsto que os programas deportivos que organiza o Concello continúen a desenvolverse ata o verán. En todas as actividades foi preciso realizar modificacións para cumprir coa normativa sanitaria.*

• XOVENFORMA ▼

Zumba, tonificación e cardio

◆ Trátase dun programa orientado á saúde física e á adquisición de hábitos saudables entre a mocidade. Realízanse actividades cardiovasculares orientadas á mellora da resistencia aeróbica a través bike indoor, Bodybox ou Step; actividades de tonificación de baixa intensidade orientada á mellora do ton corporal xeral; e actividades coreografiadas de base musical actual, adaptadas para a idade xuvenil.

O programa realízase nos centros deportivos de Perillo, Oleiros e Dorneda desde 1 de outubro ata o 15 de xuño para aquelas persoas nadas entre os anos 2003 e 2008. A inscrición continúa aberta e pode realizarse na Fábrica ou mediante o correo deportes@oleiros.org.

• OLEIROS EN FORMA ▼

Actividade física para a saúde

◆ Este programa pretende mellorar a saúde dos veciños e veciñas de Oleiros a través da actividade física. Está dirixido especialmente a xente que padece dores de costas ou lombares, enfermidades reumáticas, problemas cervicais, exceso de peso, algunha lesión deportiva,... ou que simplemente é sedentaria e quere comezar a realizar exercicio. Hai actividades para a dor de costas, exercicios físicos específicos para maiores de 65 anos, programa de prevención de riscos cardiovasculares e actividades deportivo-recreativas.

Para máis información e consulta das prazas dispoñibles é preciso poñerse en contacto co servizo municipal de deportes, a través do teléfono 981610000 ou mediante correo electrónico con deportes@oleiros.org.

• ESCOLA MUNICIPAL DE SURF

◆ As clases desta escola deportiva, para rapaces e rapazas de entre 12 e 20 anos, desenvólense na praia Bastiagueiro. O Concello pon a disposición das persoas participantes todo o material necesario, tanto para os grupos de iniciación como para os de perfeccionamento.



Jacobo Romero, terceira mellor nota en selectividade da Coruña ▶



◆ O veciño de Perillo Jacobo Romero Díaz conseguiu a terceira mellor nota da Coruña nos exame da ABAU. Jacobo sacou un 9,87 e acaba de iniciar os seus estudos universitarios en Barcelona, onde vai cursar Enxeñería Biomédica.

Álvaro e Daniel Álvarez crean a terceira mellor pasta de té de España



◆ A pasta de té elaborada polos irmáns Álvarez foi galardoada na cuarta edición do certame Mellor Pasta de Té de España 2020 como a mellor de Galicia e a terceira de España. Esta creación bautizada como Dumbo está elaborada con dúas galletas de mel galego, combinadas cun praliné de cacahuete, froita da paixón e chocolate con leite.

INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL

Subscríbete ao servizo de novas
▶ do Concello de Oleiros

O Concello reforza as axudas para a escolarización dos nenos e nenas de familias con dificultades económicas

◆ Ademais dos máis de 60.000 euros cos que se sufragan integramente os gastos do comedor escolar dos nenos e nenas con familias en situación de vulnerabilidade, o Concello de Oleiros incrementa a axuda que se viña prestando a estas familias a través das subvencións de apoio á escolarización para cubrir os gastos do inicio do curso académico: libros, material escolar, roupa, soportes informáticos...

Para o curso 2020/2021, ademais de incrementar os fondos, o que ata o de agora eran as prestacións de apoio á escolarización pasarán a formar parte das axudas de Emerxencia Social. Con este cambio preténdese atender de forma personalizada e individualizada cada situación familiar, conseguindo desta forma complementar as axudas doutras administracións e non duplicalas.

Para calquera información é posible dirixirse ao departamento de Servizos Sociais e Igualdade ou chamar ao teléfono de atención ao veciño (981 610 000).



O Goberno municipal demanda á Xunta patios cubertos para o Juana de Vega e A Canteira ▼

◆ O Concello dirixiuse á Xunta de Galicia para trasladarlle a necesidade de crear unha zona cuberta no patio do CEIP Juana de Vega de Nós e na Escola Infantil da Canteira en Perillo, así como uns lavabos para o alumnado de 5º e 6º de infantil do Valle Inclán. É a Consellería de Educación a que ten as competencias para poder realizar estas obras.

A maiores dos traballos de mantemento que realiza todos os anos nos centros de ensino público, o Concello colaborou na reforma e adaptación de espazos para o novo curso, así como nas tarefas diarias de desinfección. No caso dos colexios de Nós e Santa Cruz, habilitouse a Finca Tenreiro e os xardíns das Torres para que os nenos e nenas teñan máis espazo para o recreo.

O PROFESORADO RECLAMA MÁIS PERSOAL ▼



Mestres dos colexios Luís Seoane e A Rabadeira están a concentrarse todos os venres para demandar á Xunta a contratación de máis persoal docente e non docente, para mellorar a calidade do ensino.

O alumnado de 4º da ESO tivo excursión de fin de curso ás Cíes

◆ A pandemia do coronavirus castigou especialmente á xuventude. O confinamento e a posterior "nova normalidade" impediu a convivencia habitual: nin clases, nin actividades deportivas, nin festas, nin reunións... nin tampouco excursións de fin de curso.

O Concello de Oleiros subvenciona anualmente as actividades dos centros de ensino público con 70.000 euros e tamén financia as actividades das ANPA con 65.000 euros. Parte deses fondos destínanse ás excursións de fin de curso para as que o Concello aporta 70 euros por cada alumno/a.

Por estes motivos, para que os 252 rapaces e rapazas que finalizaban o ensino obrigatorio non se viran impedidos de facer unha excursión de fin de curso, o Concello programou unha viaxe ás Illas Cíes o 2 de setembro para todo o alumnado de 4º da ESO dos centros de ensino, con todo incluído, financiada integramente polo Concello, para que ningún mozo ou moza quedase sen participar por cuestións económicas.



A Feira do Mel celebrárase na pista polideportiva de Perillo ▼



◆ O vindeiro domingo 8 de novembro, en horario de 9 a 15 horas, celebrárase a XXXI edición da Feira do Mel baixo a cuberta da pista polideportiva de Perillo, na avenida da II República. Unha selección dos mellores apicultores galegos e españois virán a Oleiros a expoñer e vender os seus produtos. As persoas que se acheguen poderán coñecer e adquirir todo tipo de alimentos e artigos relacionados co mel, desde os máis tradicionais ata os cosméticos.

Debido á situación sanitaria non poderán realizarse ningunha das actividades paralelas de anos anteriores tales como actuacións musicais, magosto, pulpeira, queimada, obradoiros infantís,...

O Concello destina 176.340 euros para subvencionar a ANPAS e entidades deportivas, culturais e sociais ▼



◆ O Concello de Oleiros convocou a liña de subvencións anuais dirixidas ás entidades locais sen ánimo de lucro para a promoción e difusión da cultura e do deporte durante este ano 2020. O obxectivo desta convocatoria é a promoción e o impulso de actividades culturais, educativas, deportivas e xuvenís. Poden concorrer a estas axudas todas as entidades veciñais, deportivas, culturais, xuvenís, ANPA, e outros colectivos sen ánimo de lucro que figuren inscritos no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros.

Unha publicación conmemora o centenario de José María Kaydeda ►

◆ Este ano cúmprense 100 anos do nacemento de José M^a Kaydeda, recoñecido artista multidisciplinar, escritor e coleccionista que xunto co Goberno municipal propiciou a creación do Museo Os Oleiros. Para divulgar a historia que hai detrás deste museo dunha maneira sinxela e amena, editouse unha publicación composta por 16 ilustracións elaboradas polo artista Rubén Rial.



Elimina os PLUMACHOS das túas fincas ►

Evita SANCIONES



Contacontos para nenos e nenas en todas as bibliotecas municipais ▼

◆ Durante os vindeiros meses as sete bibliotecas municipais de Oleiros ofrecerán diferentes sesións de contos dirixidos a nenos e nenas de entre 1 e 12 anos. Para participar é **imprescindible reservar praza previamente**. As solicitudes poden realizarse presencialmente en cada unha das bibliotecas ou mediante unha chamada telefónica ao número 981 610 000.

• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

OUTUBRO

- ▶ **Día 15** (18:30 horas): *Kikirikí* con **Fátima Fernández**, para nenos e nenas de 3 a 5 anos.
- ▶ **Día 22** (18:30 horas): *A noite da Visita* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.
- ▶ **Día 29** (18:30 horas): *As apertas* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 3 a 5 anos.

NOVEMBRO

- ▶ **Día 5** (18:30 horas): *Re-Contos* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.
- ▶ **Día 12** (18:30 horas): *Brilla, Brilla* con **Trémola Teatro**, para nenos e nenas de 3 a 5 anos.
- ▶ **Día 19** (18:30 horas): *O dragón que comeu o sol* con **Charo Pita**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.
- ▶ **Día 26** (18:30 horas): *Dulcinea, a nena cabaleira* con **Anxo Fariña**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.



• BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

OUTUBRO

- ▶ **Día 21** (18:30 horas): *Contacontos dada o duende* con **Eduvía** (Vías para a educación), para nenos e nenas a partir de 6 anos.
- ▶ **Día 28** (18:30 horas): *A ron ron o meu neno* con **Fátima Fernández**, para nenos e nenas de 3 a 5 anos.

NOVEMBRO

- ▶ **Día 4** (18:30 horas): *Contos de Bruxas e Curuxas* con **Paula Carballeira**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.
- ▶ **Día 11** (18:30 horas): *Shhhhh!!!* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 3 a 5 anos.
- ▶ **Día 18** (18:30 horas): *1, 2, 3 A que non o ves?* con **Trémola Teatro**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.
- ▶ **Día 25** (18:30 horas): *Un elefante abaneaba...* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 3 a 5 anos.



• BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. MERA

OUTUBRO

- ▶ **Día 16** (18:30 horas): *Outono* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 3 a 5 anos.
- ▶ **Día 30** (18:30 horas): *Contos para durmir cun ollo aberto* con **Caxoto**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.

NOVEMBRO

- ▶ **Día 13** (18:30 horas): *Contos para nenos e cus* con **Fátima Fernández**, para nenos e nenas de 3 a 5 anos.
- ▶ **Día 27** (18:30 horas): *Contos de dragóns e leóns* con **Paula Carballeira**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.



• BIBLIOTECA Mª JOSÉ RUSO. DORNEDA

OUTUBRO

- ▶ **Día 19** (18:30 horas): *Cucú Trastrás* con **Fátima Fernández**, para nenos e nenas de 3 a 5 anos.

NOVEMBRO

- ▶ **Día 9** (18:30 horas): *Un conto e a durmir* con **Caxoto**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.
- ▶ **Día 23** (18:30 horas): *A durmir* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 3 a 5 anos.



• BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. NÓS

OUTUBRO

- ▶ **Día 23** (18:30 horas): *Eu Quero!!!* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 3 a 5 anos.

NOVEMBRO

- ▶ **Día 6** (18:30 horas): *Os esqueletos divertidos e outras historias* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.
- ▶ **Día 20** (18:30 horas): *Tin, tan, tin así soaba a campá* con **Fátima Fernández**, para nenos e nenas de 3 a 5 anos.



• BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

OUTUBRO

- ▶ **Día 20** (18:30 horas): *O pirata e o boticario e outras historias de grandes autores* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.

NOVEMBRO

- ▶ **Día 3** (18:30 horas): *A miña familia animal* con para nenos e nenas a partir de 6 anos.
- ▶ **Día 17** (18:30 horas): *Se eu vos contara!* con **Caxoto**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.



• BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

OUTUBRO

- ▶ **Día 29** (18:30 horas): *Cores* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.

NOVEMBRO

- ▶ **Día 12** (18:30 horas): *Conto Xogo* con **Eduvía** (Vías para a educación), para nenos e nenas a partir de 6 anos.
- ▶ **Día 26** (18:30 horas): *Intrépidas* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas a partir de 6 anos.



As corais do municipio actuarán no tradicional Concerto de Nadal

◆ O domingo 13 de decembro, ás 19:30 horas, celébrase o Concerto de Nadal de Corais do municipio no Auditorio Gabriel García Márquez de Mera. A Coral Polifónica de Mera, a Coral Polifónica Airiños de Nós, a Coral Polifónica Lembranzas de Santa Cruz, o Coro Tradicional Dorna e o Coro de Oleiros interpretarán diversas panxoliñas e unha

última peza conxunta. Ademais, o Coro de Voces Brancas da Escola Municipal de Música abrirá a xornada.

As corais do concello tamén están a organizar diferentes concertos no municipio para retomar as actuacións. A primeira foi o pasado 19 de setembro en Nós.



A cultura non se apaga en Oleiros ▼

■ Desde o levantamento do Estado de alarma, e sempre cumprindo coas directrices sanitarias, o Concello organizou numerosas actividades e espectáculos tales como o Festival Rúa Ext-cénica, a Feira Alfaroleiros, Música na Rúa, actividades nas bibliotecas, teatro, etc... Na mesma liña, está programada unha ampla oferta de actividades e eventos culturais para os vindeiros meses.

● **Sábado 17 de Outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Curva España unha historia que se foi trasmitindo oralmente durante os últimos cen anos na comarca de Verín. Un crime aparentemente sen resolver que a través das distintas versión artellase esta peza que ironiza sobre o formato documental.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. **Prezo: 3,50 euros.**



● **Sábado 20 de Novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

Cimarron String Trio "Trinando un trío", concerto con temas compostos por Eduardo Coma e Simón García con elaboracións moi actualizadas harmonicamente, que fai que pareza case una orquestra con ritmos de tambores africanos.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. **Prezo: 3,50 euros.**



● **Sábado 24 de Outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Despois das ondas María Casares regresa nunha xira teatral, tras coarenta anos de exilio, a nena medrou para converterse na actriz de escena, símbolo da España refuxiada. A peza mestura cine, teatro e música.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. **Prezo: 3,50 euros.**




● **Sábado 21 de Novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Medida por medida acontece nunha Viena surrealista inventada por Shakespeare. O Duque Vincenzo pasa á clandestinidade e manda aplicar a lei por igual contra os comportamentos inmorais. A súa irmá moxa abandona o convento para intentar salvalo.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. **Prezo: 5 euros.**



● **Sábado 7 de Novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

O mel non caduca espectáculo xestado a partir dun proceso de creación colectiva, arredor da relación do ser humano cos obxectos, da degradación consumista do capitalismo. Obra para emocionar e concienciar, e tamén para rir e reflexionar.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. **Prezo: 2,50 euros.**



● **Domingo 22 de Novembro,**
ás 18:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

Martín Camiña "Novos feitizos e novas ilusións" é un espectáculo de maxia, humor e participación. Manipulacións de cartas, cordas, mentalismo, etc Intres fascinantes sobre o poder máxico da lectura ou como facer maxia nunha mudanza.

■ As entradas poñeranse á venda ás 17:30 horas, ata completar a capacidade da sala. **Prezo: 2,50 euros.**



● **Sábado 14 de Novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Sesión continua Homenaxe ao mundo do celuloide a través dun espectáculo de humor de catro pezas teatrais que xeran un relato cun desfile de personaxes de películas como "2001 Unha odisea no espazo", "Pulp Fiction" ou "Instinto básico", entre outras.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. **Prezo: 3,50 euros.**



● **Sábado 27 de Novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

La Macana "Pink Unicorns" é a nova creación que pon a Alexis Fernández no escenario co seu fillo de catorce anos. Un desafío que fará gozar das maravillas da relación pai e fillo e unha oportunidade de vernos a nós mesmos reflectidos neles.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala. **Prezo: 3,50 euros.**



TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recordamos que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

Apoio total e solidariedade co equipo directivo

Dende o ANPA do Colexio Luis Seoane queremos mostrar o noso total apoio e solidariedade ao equipo directivo e o noso rechazo pola súa dimisión forzada. Consideramos que a situación é totalmente inxusta e é debida á falta de profesionalidade da Inspección Educativa e concretamente da inspectora á que lle corresponde a nosa zona.

Está claro que os feitos acaecidos o martes 29 de setembro son dunha gravidade clamorosa (lembramos que un neno de 4 anos permaneceu case 5 horas nun autobús esquecido polas persoas responsables de prestar o servizo de transporte) e que teñen que ter consecuencias. Ditas persoas responsables xa foron despedidas pola súa negligencia.

Pero por outra banda parécenos que o cesamento encuberto e antidemocrático da directora non pode ser unha consecuencia deses feitos porque non era a súa responsabilidade.

Alegar perda de confianza para forzar a dimisión da directora do centro parécenos, ao noso entender, un comportamento pueril, indigno, inoportuno e moi pouco intelixente.

Parécenos pueril porque é unha reacción para nada meditada, seguro que hai perrenchas de nenos de 5 anos con máis xustificación.

Parécenos indigno porque o actual equipo directivo -do mesmo xeito que todos os equipos directivos de centros educativos de toda Galicia- deixáronse a pel, as vacacións, horas de soño e seguramente meses de vida en preparar VARIAS VECES a volta ao cole máis estraña da historia.

Inoportuno porque seguimos nun inicio de curso estraño e complicado e deixan o “barco sen temón” no medio da marea COVID ao cesar de maneira desprezable ao equipo directivo- si, é certo, nestes mesmos instantes que escribimos estas liñas o CEIP Luís Seoane non ten a ninguén que se faga responsable da súa dirección e funcionamento-. Pretenden nomear un novo equipo directivo á forza -non cremos que haxa voluntarios nin voluntarias- ignorando que estamos no medio

dunha pandemia? Seica non sabe a inspectora que van ter que refacer os horarios de todo o centro?

E por último parécenos pouco intelixente polo irreflexivo da decisión, e por destruír unha dinámica que funcionaba perfectamente. Todas as persoas que forman parte da comunidade educativa estaban satisfeitas co labor desempeñado con este equipo: alumnado, profesorado, persoal non docente, nais e pais, o propio Concello de Oleiros.... A súa dedicación, profesionalidade, empeño e esforzo diario están fóra de toda dúbida e pouco intelixente é quen non o sabe ou non o quere ver.

Repetimos, alegar falta de confianza por decatarse dos feitos pola prensa, non nos parece unha razón xusta. Poderíamos discutir a conveniencia de que a directora informase dos feitos á Inspección pero non tería que facelo a propia empresa de transporte, responsable primeira e última do abandono dun pequeno ao seu cargo nun dos seus autobuses?

Pois desde aquí dicimos que tamén perdemos a confianza na Inspección Educativa, así que dimitan xa que non lles consideramos capacitados para rexer o destino das nosas fillas e fillos.

Desde aquí convidamos a toda a comunidade educativa a realizar e promover accións de protesta que manifesten o noso descontento con esas persoas e pedimos desde xa a readmisión do equipo directivo saínte.

Estamos abertos a todas as iniciativas que se vos ocorran.

Moito ánimo a María, Pura e Marta! Moito ánimo a todo o profesorado!

Estamos convosco

ANPA CEIP LUIS SEOANE

Transporte público de calidade!

Dende a A.V.V. OS Rueiros de Nós, queremos facer constar, a nosa disconformidade coa redución de horarios, que se está aplicando desde a entrada en vigor da nova contratación de transportes por parte da Xunta de Galicia. A que nos afecta directamente a nós é a ruta de autobuses que une Montouto ca Coruña, cuido servizo cubre actualmente a empresa Autos Rico.

Ca anterior concesión tiñamos un servizo escaso, polo que puxemos esperanzas de mellorar coa actualización da concesión. Porén, a cousa vai empeorando.

Non se valoran os servizos públicos e colectivos, déixase todo en mans privadas que só miran polo seu interese económico.

Non se ten en conta os altos niveis de contaminación que estamos a padecer, e que mellorarían cun bo servizo de transporte público, que facilite o desprazamento aos postos de traballo, escolas, etc., evitando o uso masivo de vehículos privados.

Non pensan na veciñanza máis vulnerable que queda sen capacidade de movemento, porque non todos teñen vehículo privado nin outro medio de transporte que non sexa o autobús público.

Outra vez queda abandonado o rural, fomentando o abandono das aldeas.

AVV Os Rueiros – Nós

A alimentación nos centros de día

Teño unha tía nun centro de Santa Cruz (Oleiros), dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, da Xunta, e en canto á atención e trato de todo o persoal é de matrícula de honor, pero o vergonzoso e denigrante é a alimentación: a comida non reúne a calidade mínima e a maioría das veces ten que ir de volta porque non se pode comer. Segundo me informaron, o menú o subministra unha empresa de fora de Galicia e chega conxelado para toda a semana, e todos sabemos o que iso significa; nas cárceres seguro que comen mellor porque se expoñen a un motín. Eu persoalmente enviei dous escritos ao ente responsable e obtiven a calada por resposta, se amparan en que a xente maior non protesta e no caso dalgún o seus familiares non se decatán, porque os seus maiores teñen as facultades mentais deterioradas e non o contan na casa. E entre os que si nos decatamos, hai xente que ten prexuízos para recoñecer publicamente que teñen aos seus seres queridos alimentados nesas condicións.

Juan Miguel Vázquez Vázquez - Perillo

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EI A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

ENTREXARDINS / COSTA DA PALLOZA / ESTACIÓN DE AUTOBUSES DA CORUÑA / GAITEIRA / OS CASTROS / CHUAC/MATERNAL INFANTIL / XESUITAS / PONTE PASAXE

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
FONTECULLER • O BURGO • SAN PEDRO					
06:20 h - 20:50 h	cada 15'	luns - venres	cada 15'	07:00 h - 21:00 h	
20:50 h - 22:20 h	cada 30'	luns - venres	cada 30'	21:30 h - 22:30 h	
06:50 h - 22:20 h	cada 30'	sa./dom./fest.	cada 30'	07:30 h - 23:00 h	

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
PERILLO • SAN PEDRO • O CARBALLO • OLEIROS • SADA					
06:45 h - 20:45 h	cada hora	luns - venres	cada hora	06:55 h - 20:55 h	
21:50 h	último	luns - venres	último	22:00 h	
06:45 h - 20:45 h	cada 2 horas	sábados	cada 2 horas	07:55 h - 19:55 h	
		sábados	último	22:00 h	
08:45 h - 20:45 h	cada 2 horas	dom./fest.	cada 2 horas	09:55 h - 19:55 h	
		dom./fest.	último	22:00 h	

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
PERILLO • SANTA CRUZ • ARILLO • SADA					
06:15 h - 21:15 h	cada hora	luns - venres	cada hora	06:20 h - 21:20 h	
06:15 h		sábados			
08:15 h - 20:15 h	cada hora	sábados	cada hora	07:20 h - 21:20 h	
21:50 h	último	sábados			
08:15 h - 20:15 h	cada hora	dom./fest.	cada hora	08:20 h - 21:20 h	
21:50 h	último	dom./fest.			

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
172 PERILLO • SANTA CRUZ • ARILLO • RIALTA					
06:35 h - 21:35 h	cada hora	luns - venres	cada hora	07:15 h - 22:15 h	
06:55 h - 21:55 h	cada hora	luns - venres	cada hora	07:55 h - 20:55 h	
			último	22:35 h	
08:35 h - 20:35 h	cada hora	sábados	cada hora	09:15 h - 21:15 h	
09:35 h - 20:35 h	cada hora	dom./fest.	cada hora	10:15 h - 21:15 h	
172A PERILLO • SANTA CRUZ • ARILLO • RIALTA • DORNEDA • POUSADA					
07:55 h - 10:55 h - 13:55 h		luns - venres	08:45 h - 11:45 h - 14:45 h		
15:55 h e 18:55 h		luns - venres	16:45 h - 19:45 h		
172B PERILLO • SANTA CRUZ • ARILLO • RIALTA • DORNEDA • POUSADA • SOÑEIRO					
06:55 h - 12:55 h - 19:55 h		luns - venres	07:40 h - 13:40 h e 20:40 h		

ENTREXARDINS / COSTA DA PALLOZA / GAITEIRA / OS CASTROS / CHUAC / MATERNAL INFANTIL / XESUITAS / PONTE PASAXE

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
PERILLO • MONTROVE • OS REGOS • OLEIROS					
07:05 h - 22:05 h	cada hora	luns - venres	cada hora	07:30 h - 22:30 h	
08:05 h - 20:05 h	cada hora	sábados	cada hora	08:30 h - 20:30 h	
10:05 h - 20:05 h	cada hora	dom./fest.	cada hora	10:30 h - 20:30 h	
PERILLO • MONTROVE • OS REGOS • OLEIROS • SOÑEIRO					
08:05 h e 14:05 h		sábados	08:26 h e 14:26 h		
10:05 h e 14:05 h		dom./fest.	10:26 h e 14:26 h		
PERILLO • MONTROVE • OS REGOS • OLEIROS • POUSADA					
11:05 h - 16:05 h e 19:05 h		sa./dom./fest.	11:30 h - 16:30 h e 19:30 h		

LORBÉ • O BURGO

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO					
07:00 h - 21:00 h	cada 2 horas	luns - venres	cada 2 horas	08:00 h - 20:00 h	

SADA • LORBÉ • DEXO • MERA • A CORUÑA | Eliseo Pita

> SAÍDAS de Sada CONCELLO	
Días laborais: 06:30 h, 07:25 h, 08:30 h, 09:30 h, 10:30 h, 12:00 h, 13:00 h, 14:30 h, 15:30 h, 16:30 h, 17:30 h*, 18:30 h, 19:30 h e 21:00 h	
Domingos e festivos: 8:30 h, 10:30 h, 12:30 h, 15:00 h, 16:30 h, 18:00 h*, 19:30 h e 21:00 h	

> SAÍDAS de A Coruña, ENTREXARDINS	
Días laborais: 07:20 h, 08:30 h*, 09:30 h, 10:30 h*, 11:30 h, 13:00 h, 14:00 h, 15:30 h, 16:30 h, 17:30 h*, 18:30 h, 19:30 h, 20:30 h e 22:00 h	
Domingos e festivos: 9:30 h, 11:30 h, 13:30 h, 16:00 h, 17:30 h, 19:00 h, 20:30 h e 22:00 h	

(*): Non pasa por Dexo.

(*): Non pasa por Dexo.

FARMACIAS DE GARDA

	Datas
▪ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16. Santa Cristina (Perillo) • Teléfono: 881 963 932	Do 16 ao 22 de outubro
▪ JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121. Lorbé (Dexo) • Teléfono: 981 628 165	Do 23 ao 29 de outubro
▪ LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Centro comercial de Iñás) • Teléfono: 981 619 337	Do 30 de outubro ao 5 de novembro
▪ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1 (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027	Do 6 ao 12 de novembro
▪ MARTA VIGUERA MOSQUERA Rúa Miramar, nº 4. Mera (Serantes) • Teléfono: 981 617 937	Do 13 ao 19 de novembro
▪ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) • Teléfono: 981 635 024	Do 20 ao 26 de novembro
▪ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247. San Pedro (Nós) • Teléfono: 981 663 890	Do 27 de novembro ao 3 de decembro
▪ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 614 503	Do 4 ao 10 de decembro
▪ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Avda. República Argentina, nº 95. Arillo (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440	Do 11 ao 17 de decembro
▪ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Isaac Díaz Pardo, nº 4. Os Regos (Liáns) • Teléfono: 981 614 184	Do 18 ao 24 de decembro
▪ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 923 845	Del 25 ao 31 de decembro

En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Aeroporto de Alvedro
981 187 200

Estación autobuses A Coruña
981 184 335

Estación FFCC San Cristovo
902 432 343



37.314 habitantes empadroados/as!

Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 9 de outubro

DEXO (Santa María)	1.427
DORNEDA (San Martiño)	3.559
IÑÁS (San Xurxo)	1.270
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.862
MAIANCA (San Cosme)	1.549
NÓS (San Pedro)	4.826
OLEIROS (Santa María)	3.197
PERILLO (Santa Leocadia)	9.042
SERANTES (San Xulián)	1.582
TOTAL	37.314

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	31 outubro/30 novembro/29 decembro
Mingua	9 outubro/7 novembro/7 decembro
Nova	17 outubro/15 novembro/15 decembro
Medra	24 outubro/22 novembro/22 decembro

Dragado da ría si ou si ▼

• *O Ministerio de Transición Ecolóxica non dispón de ningunha escusa para non iniciar a licitación da obra*



◆ En xaneiro do 2019, Goberno central, Xunta de Galicia e os concellos da Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros acordaron a financiación para a execución do proxecto de dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo: o Estado aportaba 26 millóns de euros e a Xunta os 20 restantes, que procedían duns fondos europeos inicialmente destinados a unha depuradora en Santiago que non era posible executar nos prazos fixados por Bruxelas. Desde entón, e ata as últimas semanas, o Ministerio estivo dilatando a licitación desta importante obra, pola que se leva décadas agardando na comarca da Coruña.

Nos últimos días acaban de resolverse as últimas cuestións burocráticas entre Xunta e Estado, polo que o Ministerio xa conta con todos os acordos e autorizacións necesarias parte de todos os organismos implicados. Agora, o inicio da licitación debería ser inminente.

O custo total da obra é de 46 millóns de euros

A realización desta obra permitirá a recuperación dos areas para a produción marisqueira, a apertura de canais e o baño. Ademais, no caso de Oleiros construírse un novo tramo de paseo desde Beiramar que conectará co xa existente no linde con Cambre. Deste xeito, restablecerase como parque público a saída do actual río do Seixo nas inmediacións da urbanización O Paraíso.

O Ministerio de Transición Ecolóxica xa conta con todos os acordos e autorizacións necesarias por parte de todos os organismos implicados, polo que o comezo do proceso de licitación debería ser inminente. A Xunta e o Estado resolveron nos últimos días as cuestións burocráticas sobre as que discernían ambas administracións e impedían o inicio da contratación. Pola súa parte, o pleno municipal do pasado 26 de setembro tamén aprobou as últimas peticións do Ministerio para licitar a obra: compromiso de mantemento unha vez rematadas as obras e posta a disposición do Ministerio das cesións dos terreos necesarios realizadas polos veciños a efectos de ocupación temporal dos mesmos.